

# ACORDO DE PRÓRROGA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS DOS ESTUDOS OFICIAIS DE GRAO E MÁSTER

En Santiago de Compostela,

## REUNIDOS

Dunha parte, **don Julio García Comesaña**, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 316 e 317/2019, do 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Doutra parte, **don Manuel Joaquín Reigosa Roger**, Reitor Magnífico da **Universidade de Vigo**, con CIF Q8650002B, nomeado segundo o Decreto 59/2018, do 31 de maio (DOG núm. 109, do 8 de xuño de 2018), de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro (DOG núm. 38, do 22 de febreiro do 2019).

As partes recoñécense mutuamente plena capacidade legal para a firma do presente acordo e

## MANIFESTAN

**Primeiro.-** Que en data 19 de xuño de 2017, a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e a Universidade de Vigo, subscribiron un Convenio de colaboración para a realización de prácticas externas dos estudos oficiais de grao e máster.

**Segundo.-** Que na cláusula vixésimo primeira do Convenio prevíuse que o mesmo tería unha duración de catro anos, prorrogable por catro anos adicionais previo acordo das partes.

Á vista do anterior, as partes

## ACORDAN

**Primeiro.-** Prorrogar a duración do Convenio por outros catro anos máis, prazo que se computará a partir do día 20 de xuño de 2021 e ata o 20 de xuño de 2025.

**Segundo.-** O resto das cláusulas contidas no Convenio permanecerán inalteradas.

E en proba de conformidade e de aceptación as partes asinan o presente acordo.

**O Conselleiro de Sanidade e Presidente  
do Servizo Galego de Saúde**

**O Reitor da Universidade de Vigo**

**Don Julio García Comesaña**

**Don Manuel Joaquín Reigosa Roger**

